

Debido ás circunstancias extraordinarias relacionadas coa pandemia COVID- 19, o Departamento de Orientación do CEIP da Ribeira, composto polos seguintes membros:

Olga Rodríguez	Especialista en Pedagogía Terapéutica da aula específica
M ^a del Rosario Martínez	Especialista en Pedagogía Terapéutica
Carla Moreira	Especialista en Audición e Linguaxe
Mónica Fernández	Xefa do Departamento de Orientación

Desexa poñer en coñecemento da Inspección Educativa as medidas adoptadas de atención ao alumnado NEAE , durante a declaración do estado de alarma sanitaria contando dende o 16 de Marzo de 2020 e sempre tendo en conta como referentes legislativos seguintes:

- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicianos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación tendo en conta a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.*
- *Así mesmo para establecer as liñas de actuación ao alumnado de Educación Primaria teremos en conta o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Nos caso das medidas do alumnado con Adaptacións Curriculares, temos en conta a Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral.*
- *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro.*



- *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización nos centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación non universitaria con necesidades educativas especiais.*

Dende o Departamento de Orientación establécense as seguintes actuacións:

Canles de comunicación:

- Convócanse periódicamente reunións online (Skype) entre as compoñentes do Departamento de Orientación coa finalidade de dirixir e coordinar actividades propostas para este periodo extraordinario. Tamén mantense contacto diario a través do grupo de WhatsApp, telefónicamente e correo electrónico.
- Comunicación diaria co Equipo Directivo para colaborar no que se requira.
- Mantense contacto telefónico cos diferentes organismos administrativos (Servizos Sociais, Servizos de Pediatría dos Sergas e Asociacións como Menela, Bata, Anhida,...) dos que son usuarios moitas das nosas alumnas, alumnos e familias.
- Canles de comunicación para asesoramento educativo, psicopedagóxico ou de aspectos que poidan influir no aprendizaxe mediante chamadas telefónica periódicas, correo coas familias a través do centro educativo, Web oficial do centro educativo, Facebook e Instagram.
- Asistencia telemática a través da plataforma Cisco Webex Meetings aos claustros, CCP e reunións establecidas.
- Asesórase ao profesorado na proposta de actividades telemáticas ao alumnado NEAE e na detección de posibles necesidades que poidan xurdir durante esta etapa extraordinaria.

Metodoloxía:

- Creación dun espacio delimitado na páxina web oficial do centro educativo chamado **Departamento de Orientación** no se propoñen actividades nas áreas competenciales durante as primeiras entregas e posteriormente céntrase máis nas áreas onde mase presentan maiores dificultades para o alumnado n.e.a.e e alumnado estranxeiro. Consta dos seguintes subapartados:
 - Orientación: Con propostas psicopegagóxicas para as familias e alumnos durante o estado de alarma sanitaria xenerada polo COVID-19.
 - Por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica: Actividades de reforzo pautadas por niveles, actividades específicas para Adaptacións Curriculares e de Inmersión Lingüística.
 - Por parte da especialista en Audición e Linguaxe: Proposta xeral de actividades de reforzo para cada semana, sobre todo centradas nos primeiros cursos da etapa de educación primaria, elaboración de actividades para casos específicos para a realización por parte dos alumnos e con orientacións para as familias dos mesmos, actividades de estimulación da linguaxe orientadas á etapa de educación infantil.
 - Por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica da aula de atención preferente ao alumnado TEA: Actividades específicas para traballar coa colaboración da familia e envío de material propio da aula para a realización de actividades manipulativas.

- Realización da modificación das Adaptacións Curriculares para o terceiro trimestre do curso 2019-2020.
- Participase e propóñense actividades complementarias e conmemorativas (vídeo interpretado polo claustro de achegamento ás familias, vídeo sobre o acoso escolar, participación dun poema de Carvalho Calero para a conmemoración das Letras Galegas.



- Colabórase na realización de retos nos obradoiros de Dramatización, Cociña e Arte inmersos nos Contratos Programa concedidos pola Consellería.

Actuacións específicas da xefatura do Departamento de Orientación:

- Elaboranse os Informes Psicopedagóxicos pendentes de rematar por parte da xefa do departamento de orientación.
- Confecciónanse os informes para alumnado con petición de praza NEAE durante os prazos establecidos no proceso de admisión.
- Eleváronse dúas propostas de flexibilización para dous alumnos que se atopan ao final de etapa educativa.
- Dictame de escolarización combinada para un alumno no vindeiro curso 2020-21

Como conclusión dicir que se está elaborando un diario das tarefas e actuacións do Departamento de Orientación durante o periodo do estado de alarma sanitaria, coa finalidade de implementalo na memoria final de curso.

O noso obxectivo non é outro máis que repasar, reforzar, animar e amenizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe dende as súas casas nestes próximos días, de forma que as actividades sexan voluntarias, dinámicas e curtas, procurando sobre todo na medida do posible, estar conectadas aos intereses dos alumnos, alumnas e familias.

Mónica Fernández, xefa do D.O

Carla Moreira, mestra especialista en A.L

Olga Rodríguez, mestra con especialidade en PT

Rosario Martínez, mestra especialista en PT